Introdución

A Denominación de Orixe Rías Baixas é unha pequena zona vitivinícola situada no noroeste de España, nunha rexión coñecida como Galicia. Aínda que nas Rías Baixas existe unha profunda tradición vitivinícola, que se herdou xeración tras xeración, é a partir do ano 1988, coa constitución do seu Consello Regulador, cando o sector vitivinícola adquire un peso fundamental no desenvolvemento da economía desta zona. Un dos factores determinantes é a aposta polas variedades autóctonas, en concreto a albariño, resistentes á climatoloxía adversa propia desta zona. Estas variedades confiren unha calidade e orixe xenuínos a estes viños de marcado carácter atlántico.

Variedades e viños

O sector vitivinícola adquiriu un peso fundamental no desenvolvemento económico das provincias de Pontevedra, especialmente, pero tamén da Coruña, onde se sitúa esta Denominación de Orixe que conta con cinco subzonas: Val do Salnés, Ribeira do Ulla, Soutomaior, Condado do Tea e O Rosal. Un dos factores determinantes é a aposta polas variedades autóctonas, sobre todo a albariño que representa máis do 96,5% da produción. Estas variedades autóctonas son resistentes á climatoloxía adversa propia da zona, e confiren unha calidade e orixe xenuínas a estes viños de marcado carácter atlántico. As variedades preferentes acollidas por esta Denominación de Orixe son en brancas albariño, loureira branca ou marqués, treixadura e caíño branco; en tintas caíño tinto, espadeiro, loureira tinta e sousón. As variedades brancas autorizadas en Rías Baixas son torrontés e godello, mentres que as tintas son mencía, brancellao e pedral.

A D.O. Rías Baixas está condicionada polo minifundio propio de Galicia. Esta denominación actualmente conta cunha superficie de 4.047 hectáreas, repartidas en máis de 21.825 parcelas. As sabias e expertas mans dos máis de 5.550 viticultores desta zona apostaron por unha viticultura tradicional, protagonizada polo sistema de emparrado do que ademais podemos deleitarnos se visitamos as Rías Baixas galegas. Na actualidade, este Consello Regulador conta con 184 adegas adscritas, na súa maioría de pequeno e mediano tamaño, que o pasado ano protagonizaron a terceira maior colleita da historia deste Consello Regulador con 33.404.961 quilos de uva recolleitos.

A produción das variedades brancas na D.O. Rías Baixas representa o 99,21%, das cales a variedade Albariño é a raíña co 96,5% do total. Séguenlle o Caiño Branco, a Treixadura e Loureira. Aínda que as variedades tintas só supoñen o 0,79% da produción, na presente campaña recolléronse 262.679 quilos de uva, na súa maioría na subzona do Condado do Tea e da variedade Sousón.

Unha cantidade de uva que permitiu certificar 22.606.310 litros de viño para atender a demanda dos Rías Baixas nos mercados galego, español e internacional. Na actualidade, os mercados exteriores supoñen un 31% da produción da D.O. Rías Baixas, mentres que o resto da produción (69%) destínase ao mercado galego e nacional.

Tipos de viños

É característico dos viños de Rías Baixas a súa cor amarela palla, os aromas florais e froiteiros, de intensidade media e potente; a súa frescura e suavidade, a súa acidez equilibrada e amplos matices en boca, tan propios dese clima atlántico que caracteriza as Rías Baixas galegas. Ademais das coñecidos Rías Baixas Albariño, elaborados exclusivamente coa variedade albariño, esta denominación de orixe tamén acolle a elaboración doutros viños baixo a súa contraetiqueta: Rías Baixas Condado do Tea, elaborado na devandita subzona con polo menos un 70% de uvas das variedades albariño e treixadura; Rías Baixas Rosal que debe posuír un 70% de albariño e loureira propios desa área xeográfica; Rías Baixas Val do Salnés que debe conter un 70% de uvas das variedades preferentes cultivadas nesa comarca, do mesmo xeito que sucede co Rías Baixas Ribeira do Ulla. Se a botella pon só Rías Baixas é que no seu interior contén variedades brancas autorizadas ou preferentes desta denominación e que pode estar producido, elaborado, embotellado e etiquetado en calquera das súas cinco subzonas. No caso dos Rías Baixas barrica deben pasar durante a súa elaboración un tempo en barricas de carballo de capacidade superior a 600 litros. O Rías Baixas Tinto, cunha produción moi pequena, son viños que proceden das variedades tintas e de calquera das zonas de produción da denominación. Finalmente, o Rías Baixas espumoso, última incorporación nesta denominación, é un viño elaborado con calquera das variedades mencionadas, en calquera das subzonas, e que ao mesmo tempo cumpra os requisitos nacionais e comunitarios sobre espumosos de calidade.

Os viños de Rías Baixas son tan versátiles que se poden tomar sós ou acompañados. Iso si, a súa temperatura de consumo atópase entre os 10º e 12º C. a través de diferentes combinacións. Na actualidade, estes viños están presentes tanto no mercado nacional como internacional. Concretamente podemos atopalos en preto de 60 países como poden ser Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Porto Rico, Irlanda, Suecia, México Xapón, China, entre moitos outros destinos.

Evolución

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas nos seus 29 anos de historia multiplicou neste período case por vinte as hectáreas de viña controladas, ata superar as 4.000, integrou a máis de 6.700 viticultores, herdeiros dos 492 pioneiros que fundaron esta denominación, das 14 adegas iniciais chegou a sumar 200, que durante a recente crise económica descenderon a 177 e conseguiu cualificar 20 millóns de litros de viño, case dez veces máis que os 2 millóns cualificados nas primeiras campañas.

Emprego

O sector xera na zona un total de 7.600 empregos directos estables e 5.200 de carácter eventual na época de maior actividade. Así, a Denominación de Orixe Rías Baixas achega máis do 7% dos empregos directos dos concellos nos que se asenta, porcentaxe que se eleva ata o 12 % nas épocas de vendima. A súa incidencia é especialmente relevante no Val do Salnés, onde se concentran máis do 60 % da produción anual de uva e case o 70 % das adegas. Así, na Comarca do Salnés, a D. O. Rías Baixas supón máis do 13 % dos empregos fixos, unha porcentaxe que alcanza o 20% cando se suman as contratacións eventuais.